



MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES E O O CONCELLO DE SARRIA A RENOVACIÓN DO SISTEMA DE CÉSPEDE SINTÉTICO, SUBSTITUCIÓN DE INSTALACIÓNS DEPORTIVAS E MELLORA DO ENTORNO DO ESTADIO MUNICIPAL DE A RIBELA

I. Departamento que tramita o convenio.

A Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes é o departamento encargado de xestionar as competencias atribuídas á Comunidade Autónoma de Galicia, en materia de Administración local, de conformidade co previsto no Decreto 136/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes (DOG núm. 101 do 27 de maio).

II. Antecedentes.

A Xunta de Galicia, a través da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, ten previsto asinar un convenio de cooperación co Concello de Sarria para a execución do proxecto de mellora nas instalacións da piscina municipal do concello no ano 2025 para a súa execución durante os anos 2025 e 2026.

O Decreto 136/2024, do 20 de maio, polo que se fixa a estrutura orgánica da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, establece que a dita Consellería é o departamento da Xunta de Galicia ao cal lle corresponde a elaboración, proposta e execución da política do Goberno galego en materia de Administración local.

Os artigos 194 e 195 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración de Galicia, establecen que, no que atinxe ás relacións coas entidades locais galegas, correspóndenlle á Xunta de Galicia ás competencias de cooperación e colaboración, podéndose estas materializarse mediante a subscripción de convenios.

Segundo dispoñen os artigos 25 e 26.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e 80 e 81 da LALGA, os concellos deberán prestar á súa cidadanía os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e





aspiracións da veciñanza, entre os que se atopan a promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre.

III. Finalidade.

Para os efectos sinalados, tense previsto formalizar co concello de Sarria o instrumento convencional a que se refire a presente memoria, cunha duración que abrangue dende a súa sinatura ata o 31 de decembro de 2026.

IV. Obxecto do convenio.

Este convenio ten por obxecto fixar as liñas de colaboración entre a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes e o Concello de Sarria para a execución do proxecto renovación integral do estadio municipal de A Ribela nos anos 2025 e 2026, mediante a renovación do sistema de céspede sintético, substitución de instalacións deportivas e mellora do entorno do dito estadio.

O proxecto obxecto do convenio é renovación integral do estadio municipal de A Ribela efectuando as seguintes actuacións:

- Renovación integral do sistema de céspede sintético, que xa superou amplamente a súa vida útil.
- Substitución e mellora das instalacións deportivas: iluminación, vestiarios, zonas comúns e gradas.
- Acondicionamento e modernización do entorno do estadio, para facelo máis accesible, seguro e funcional.

V. Fundamentos do convenio.

O campo de fútbol, é o principal espazo deportivo do municipio, con uso diario por parte de nenos, mozos e adultos, contribuíndo á mellora da saúde física e mental e á prevención do sedentarismo.

A súa utilización fomenta o deporte base e inclusivo posto que, máis de 200 nenos e nenas nas categorías base da SD Sarriana participan semanalmente en adestramentos e competicións. O campo é tamén utilizado por equipos veteranos, escolares e colectivos locais, sendo un espazo interxeracional e multicultural (concertos, festivais). A instalación funciona como punto de encontro comunitario, tendo un impacto educativo e social, posto que o deporte fomenta valores como disciplina, igualdade,





cooperación e integración social.

A SD Sarriana, club referente do municipio, acadou en 2025 o histórico ascenso a Segunda RFEF, situando a Sarria no mapa deportivo nacional. O estadio de A Ribela acolle competicións oficiais, torneos de base, eventos escolares e partidos de relevancia autonómica e nacional. A mellora das instalacións permitirá atraer competicións federativas de maior nivel e organizar torneos que reforcen a proxección de Sarria.

Cada partido da SD Sarriana en 2.ª RFEF atrae centos de visitantes, cun impacto directo en hostalaría, comercio, transporte e aloxamento.

Calcúlase que un incremento medio de 300 a 500 visitantes por partido podería supoñer un retorno económico anual de máis de 250.000 € para o municipio e a súa contorna.

A situación actual do campo de fútbol de A Ribela fai necesario acometer actuacións para a súa renovación polos seguintes motivos:

- O céspede artificial actual ten máis de 15 anos de uso, cinco por enriba da súa vida útil estimada, presentando un desgaste evidente que compromete a seguridade dos xogadores.
- A iluminación deficiente limita o uso das instalacións en horario nocturno, especialmente no inverno.
- As instalacións anexas (vestiarios, gradas, zonas de acceso) son insuficientes para o número actual de usuarios.
- O crecemento deportivo do municipio, cun equipo sénior en 2.ª RFEF e máis de 400 usuarios habituais ao mes (categorías base, veteranos e escolas deportivas), fan imprescindible unha modernización urxente.
- A mellora da infraestrutura garante tamén un aforro a medio prazo en mantemento e consumo enerxético (novo céspede, iluminación eficiente).

A dimensión e repercusión deste proxecto supera claramente o ámbito municipal. O Concello de Sarria carece de capacidade orzamentaria suficiente para acometer en solitario esta inversión, estimada en máis de setecentos mil euros. O concello de Sarria considera que a colaboración da Xunta de Galicia é imprescindible, tanto pola relevancia autonómica e nacional do proxecto como pola súa repercusión en termos de saúde, cohesión social e dinamización económica.





Así pois, este convenio de colaboración responde ao interese público e social que representa a acción de fomento da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes respecto da execución dunhas actuacións necesarias para o normal funcionamento da entidade local, que lle permitan exercer as competencias e prestar os servizos que a normativa básica en materia de réxime local lles atribúe aos concellos, como Administración máis próxima aos administrados.

A conxuntura descrita, a necesidade de asistencia manifestada polo Concello e o obxectivo da actuación, así como a existencia de crédito adecuado e suficiente para a súa aplicación eficaz no restablecemento dos servizos municipais sobre os cales se actuará a través do convenio que se pretende subscribir, acreditan a existencia de razóns de interese público que xustifican o feito de recorrer ao procedemento excepcional de concesión directa dunha subvención a favor do Concello de Sarria.

Conforme co establecido no artigo 26.2º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, faise constar que neste convenio non son de aplicación os principios de publicidade e concorrència pública, xa que o obxecto do convenio é atender as circunstancias específicas dese concello para a mellora das infraestruturas municipais.

Incorpórase ao expediente declaración xustificando a imposibilidade de promover a concorrència pública, de acordo co establecido no citado artigo 26.2º.

VI. Importe e aplicación orzamentaria.

O importe total das actuacións a realizar ao abeiro deste convenio ascende á **cantidade de setecentos trinta e sete mil cincocentos vinte euros con noventa e dous céntimos (737.520,92€)** IVE incluído, segundo a memoria detallada e valorada, cuxo orzamento se xunta como anexo I ao convenio do cal forma parte.

Para dar cumprimento ao obxectivos deste Convenio, a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, achegará a cantidade máxima de **cincocentos dezaseis mil douscentos sesenta e catro euros con sesenta e catro céntimos (516.264,64€)** IVE incluído, que representa o 70 % do orzamento total do proxecto que constitúe o presente convenio, con cargo a aplicación orzamentaria 05.01.121A.760.0 (código de proxecto 2015 00088), do orzamento de gastos da Secretaría Xeral Técnica para os





exercicios 2025 e 2026:

Anualidade 202540.000 €

Anualidade 2026476.264,64€

O Concello de Sarria achegará a cantidade de **douscentos vinte e un mil douscentos cincuenta e seis euros con vinte e oito euros** (221.256,28€), **IVE incluído**, do seu orzamento de gastos para o exercicio 2025, cantidade que representa o 30 % do orzamento total do presente convenio.

Anualidade 2025 221.256,28 €

VII. Polo exposto, considérase xustificada a utilización do instrumento convencional para articular as actuacións de referencia, quedando o dito convenio fóra do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 con independencia de que, ao abeiro do previsto no artigo 4 da dita norma, lle sexan de aplicación os principios desta lei para resolver as dúbidas e lagoas que se poidan presentar.

Santiago de Compostela, data da sinatura dixital

O secretario xeral técnico

Francisco Javier Abad Pardo

